

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL BETANZOS

Bases convocatoria para cubrir plaza de Profesor de Percusión no Conservatorio de Música do Concello de Betanzos

BASES DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE PROFESOR DE PERCUSIÓN DO CONSERVATORIO MUNICIPAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE BETANZOS.

Primeira.- Obxecto da convocatoria. Constitúe o obxecto da presente convocatoria establecer as bases que terán que rexer, no proceso selectivo, para a provisión dunha praza de profesor para impartir a disciplina de percusión no Conservatorio Municipal de Música do Concello de Betanzos, de conformidade co disposto no art. 15.1.c) do Estatuto dos Traballadores, e a constitución dunha bolsa de emprego co resto de aspirantes aprobados para futuras contratacións polo tempo que medie ata a cobertura definitiva do posto.

Segunda.- Funcións e condicións laborais. O/a aspirante seleccionado/a será contratado/a mediante contrato de interinidade, na categoría profesional profesor, especialidade de percusión, grupo de cotización ..., grupo III nivel 11 do vixente convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Betanzos, polo tempo que medie ata a cobertura definitiva do posto.

As retribucións brutas en cómputo mensual serán as correspondentes ás do grupo III do convenio colectivo do persoal laboral do concello de Betanzos (BOP n.º 66, do 06.04.2017). Xornada a tempo parcial (... horas semanais), que se prestarán de luns a venres, en horario que se distribuirá segundo as necesidades e organización do servizo.

As funcións propias do posto obxecto desta convocatoria son: impartir docencia dentro da súa especialidade musical; colaborar no deseño e implementación de actividades de divulgación e fomento musical; prestar colaboración e asistencia técnica, por necesidade ou requirimento, naqueles asuntos propios do departamento e que entren dentro da súa capacitación profesional; calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

Terceira.- Procedemento de selección. Será o de concurso-oposición, mediante a valoración dos criterios que posteriormente se establecen, e a realización das probas que así mesmo se indican.

Cuarta.- Requisitos.

- a) Ter a nacionalidade española.
- b) Ser nacional doutros estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, que aproba o Estatuto Básico do Empregado Público
- c) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non ter alcanzado a idade máxima de xubilación forzosa para o acceso ao emprego público.
- d) Estar en posesión (ou en condicións de obtelas na data en que remate o prazo de presentación de instancias), dalgún dos títulos oficiais da especialidade musical á que se opta, que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente, dos seguintes: título superior de música na especialidade de percusión establecido no artigo 54 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ou título superior de música na especialidade de interpretación; título de profesor superior, ou título de profesor, do plan de estudos que regula o Decreto 2618/1966, do 10 de setembro, polo que se aproba o regulamento dos conservatorios de música; ou título de profesor ou título profesional, do plan de estudos que regula o Decreto do 15 de Xuño de 1942. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión (na mesma data do remate do prazo para presentar instancias) da Credencial que acredite a súa homologación, expedida polo Organismo competente.
- e) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- f) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No

caso de ser nacional doutro Estado, non se atopar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Quinta.- Publicidade. A convocatoria iniciando o proceso selectivo así como as presentes bases, serán obxecto de publicación en Boletín Oficial da Provincia (BOP), na páxina web do e no taboleiro de anuncios deste Concello.

Todas as demais resolucións que se produzan no expediente, serán publicitadas a través da páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios deste.

Sexta.- Presentación de instancias. No prazo de dez días hábiles, a contar do seguinte do anuncio no BOP, os interesados en participar no proceso selectivo, dirixirán instancia a Alcaldía-Presidencia, de acordo ao modelo do ANEXO I destas bases.

As instancias presentánsense no rexistro do Concello ou a través de calquera dos sistemas previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Xunto coa instancia acompañaranse os seguintes documentos acreditativos ou fotocopias cotexadas:

a) DNI

b) Relación dos méritos que se acrediten, por cada un dos apartados de que conste o concurso.

c) Documentación acreditativa dos méritos que se posúan. No concurso non se terán en conta os documentos que non queden debidamente acreditados dentro do prazo de presentación de instancias. No caso de certificados a emitir polo propio Concello de Betanzos, ou de documentos obrantes no mesmo, bastara con unir xustificante da súa solicitude ou indicar a súa existencia na solicitude, para poder telos en conta.

Sétima.- Admisión de candidatos. Recibidas as solicitudes, procederase, por resolución da Alcaldía, que poderá ser provisional ou definitiva, á admisión dos candidatos presentados.

Será provisional no caso de que algunha solicitude careza dalgún requisito, para o que se concederán dez días hábiles ao interesado para os efectos da súa emenda.

Neste caso transcorrido o prazo de emenda e a resultas deste, a admisión elevarase a definitiva tamén mediante resolución.

Oitava.- Tribunal de selección. Será nomeado conforme ao disposto no Texto refundido do Estatuto Básico do Empelado Público polo Sr. Alcalde conxuntamente coa resolución que eleve a definitiva a admisión de presentados.

Estará constituído por cinco membros: Presidente e catro vogais, dos que un actuará de Secretario.

A composición darase a coñecer xunto coa relación definitiva de admitidos, podendo ser obxecto das correspondentes recusacións ou abstencións que legalmente procedan.

Novena.- Procedemento de selección. O procedemento de selección será o de concurso-oposición

1.- Fase de oposición (de 0 a 30 puntos).

A fase de oposición consistirá na realización de dous exercicios obrigatorios e eliminatorios cunha puntuación máxima de 30 puntos:

1º. Exame escrito.- De carácter obrigatorio e eliminatorio, consistente na realización dunha proba por parte de cada un dos/as aspirantes, de xeito individual, que consistirá no seguinte:

- Impartición dunha clase a un alumno sen coñecementos musicais. Esta proba terá unha duración máxima de 20 minutos, e ten como finalidade a valoración da aptitude pedagóxica dos/as aspirantes.

- Interpretación dunha obra ou fragmento de obra musical, que será determinado polo Tribunal Avaliador inmediatamente antes de iniciarse o exercicio (lectura a primeira vista). Esta proba terá unha duración máxima de 15 minutos, e ten como finalidade valorar a aptitude de interpretación dos/as aspirantes.

- Interpretación dunha obra ou fragmento de obra musical, con ou sen acompañamento, que será de libre elección polos/as aspirantes (estes/as deberán indicar a obra de que se trate no momento de presentar a súa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo). Esta proba terá unha duración máxima de 15 minutos, e ten como finalidade valorar a aptitude de interpretación dos/as aspirantes.

Este exercicio valorarase ata un total de 30 puntos (ata un máximo de 10 puntos por cada un dos tres apartados anteriores), sendo excluídos os/as participantes que non acaden o mínimo de 15 puntos, debendo obter no apartado de impartición de clase a un alumno o mínimo de 5 punto.

2º. Proba de coñecemento de galego.- Está dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que os/as aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdoo ás probas que consideren máis adecuadas para tal comprobación.

Terá carácter obrigatorio e eliminatorio para aqueles aspirantes que no acrediten antes da súa realización estar en posesión do título de CELGA 4 ou equivalente.

Este exercicio será cualificado de apto ou non apto, sendo eliminados aqueles aspirantes que non sexan declarados aptos.

2.- Fase de concurso de méritos (de 0 a 10 puntos). A fase de concurso de méritos dos aspirantes valoraranse de acordo co baremo seguinte: A puntuación máxima que se poderá obter será de 10 puntos, non sendo necesaria unha puntuación mínima para superar a fase de concurso. A puntuación obtida será sumada á acadada na fase de oposición.

Os méritos a que se fai referencia neste baremo deberanse posuír na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata dita data, sendo valorados así mesmo só os que se aleguen e xustifiquen documentalmente coa presentación da instancia.

1. Experiencia profesional, (ata un máximo de 6 puntos):

a) Servizos prestados na mesma categoría (profesor, especialidade de percusión) na Administración Local: 0,10 puntos por cada mes completo.

b) Servizos prestados mesma categoría (profesor, especialidade de percusión) en calquera outra administración pública: 0,08 puntos por cada mes completo.

c) Servizos prestados mesma categoría (profesor, especialidade de percusión) en Centros, Entidades ou Empresas: 0,06 puntos cada mes completo.

A acreditación da experiencia profesional efectuarase mediante certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social acompañado do certificado de empresa no que conste a categoría na que se teñen prestado os servizos e/ou contrato de traballo e/ou calquera outro certificado ou documento oficial que acredite de xeito fidedigno o tempo traballado e a categoría profesional desempeñada. A non presentación de ámbolos dous documentos (vida laboral + certificado de empresa e/ou contrato de traballo e/ou calquera outro certificado ou documento oficial que acredite de xeito fidedigno o tempo traballado e a categoría profesional desempeñada) suporá a non valoración do mérito alegado.

2. Formación complementaria (ata un máximo de 4 puntos):

- Por posuír outras titulacións diferentes á achegada como requisito para participar no proceso selectivo: 1 punto por cada titulación musical de grao superior de calquera especialidade, incluso do posto ao que se opta; 0,75 puntos por cada titulación musical de grao medio doutra especialidade distinta do posto ao que se opta.

- Por posuír o Certificado de Aptitude Pedagóxica (CAP), o Título de Especialización Didáctica (TED) ou Master específico para tal fin: 1 punto.

- Por participar en actividades formativas (cursos, seminarios, congresos, xornadas), sempre que se atopen relacionadas coas funcións a desenvolver e organizados, ben por unha Administración pública, unha Universidade ou impartidos por empresas privadas homologados por unha Administración pública:

- Por cursos de 10 a 20 horas de duración: 0,20 puntos.
- Por cursos de 21 a 40 horas de duración: 0,30 puntos.
- Por cursos de 41 a 60 horas de duración: 0,40 puntos.
- Por cursos de 61 a 100 horas de duración: 0,50 puntos.
- Por cursos de máis de 100 horas de duración: 1 punto

Décima.- Sistema de determinación dos/as aprobados/as. Os puntos obtidos na fase de oposición sumaranse á puntuación da fase de concurso.

O tribunal no poderá aprobar nin declarar que superaron o proceso selectivo un número de aspirantes superior aos das prazas convocadas, sen prexuízo da formación da bolsa de emprego cos aspirantes que superaron todas as probas para futuras contratacións conforme á base 12ª.

Décimo primeira.- Contratación e formalización do contrato. Será competencia da Alcaldía-Presidencia a resolución final, a vista da acta do actuado polo tribunal e a formalización do correspondente contrato laboral co aspirante seleccionado, debéndose incorporar ó seu posto no prazo máximo de cinco días desde que sexa requirido para elo.

No sinalado prazo deberá presentar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos na base cuarta das presentes.

De non se presentar o interesado así como naqueles casos nos que se produzan vacantes, poderase cubrir a praza co seguinte en puntuación, sempre que este haxa aprobado a fase de oposición.

Décimo segunda.- Formación e funcionamento da bolsa de emprego. Mediante Decreto de Alcaldía determinarase a lista definitiva de aspirantes que aprobaron todas as probas e pasarán a formar parte da bolsa de emprego para futuras contratacións (acumulación de tarefas, substitucións temporais por baixas por incapacidade laboral transitoria, etc...), por orden da puntuación total obtida no proceso selectivo, que será publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Betanzos. En caso de empate na puntuación total, terá prioridade a persoa candidata que obtivese maior puntuación na fase de oposición e de persistir este quen acredite maior experiencia profesional. Se aínda persiste o empate decidírase por sorteo público.

No prazo de 5 días os candidatos deberán presentar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos na base cuarta das presentes.

A Bolsa de Emprego constituída cos candidatos que aproben todas as probas e xustifiquen o cumprimento de todos os requisitos terá unha vixencia de 3 anos, e os candidatos que pasen a formar parte da mesma non ostentarán dereito algún ao nomeamento/contratación. O procedemento específico para futuras contratacións do persoal seleccionado nos supostos de novas convocatorias de subvencións para servizos temporais ou estacionais, ou por baixas, vacacións ou permisos de longa duración do, realizarase conforme aos seguintes trámites:

- Informe da concellería delegada xustificando as circunstancias e as necesidades de persoal.
- Informes xurídico de secretaría e informe de fiscalización e existencia de crédito de intervención.
- Decreto da Alcaldía acordando o nomeamento do candidato que ocupe o primeiro lugar da lista na Bolsa de Emprego, agás que renuncie ou non conteste, en cuxo caso se nomeará ao seguinte candidato da Bolsa de Emprego, pasando este ao último lugar da lista; e así sucesivamente. A renuncia é obrigatoria sendo válida por fax, correo electrónico ou calquera outro medio no que quede constancia no Concello.
- Formalización do correspondente contrato laboral temporal polo período que dure a substitución de persoal, conforme ao Estatuto dos Traballadores, baixo a modalidade que proceda no caso concreto.

A renuncia a unha oferta sen motivo xustificando implicará que o candidato pase ao último lugar da correspondente bolsa de emprego. A renuncia a dúas ofertas sen xustificar serán causa de expulsión da bolsa de emprego. Serán causas xustificadas de renuncia a unha oferta, e por tanto non pasará o candidato ao último lugar da lista, quedando na mesma posición da lista como non dispoñible, ata que finalice a situación que motivou a renuncia á oferta, as seguintes:

- a) Estar en período de descanso maternal ou de adopción, acreditado por certificado de nacemento ou Libro de Familia.
- b) Estar en situación de incapacidade temporal, acreditado por certificado médico.
- c) Falecemento ou enfermidade grave de familiar ata segundo grado, acreditado por certificado médico.
- d) outras causas similares as anteriores debidamente xustificadas.
- e) Atoparse en situación de emprego activo temporal e non elixir cambiar de posto de traballo. Neste caso causará baixa temporal na lista e será súa a responsabilidade de xustificar a data de finalización do contrato que teña vixente para a súa reincorporación á bolsa de emprego. Unha vez xustificando pasará ao final

A presentación da documentación acreditativa de calquera das anteriores circunstancias efectuarase no prazo de 3 días hábiles a contar dende o seguinte ao da notificación do chamamento efectuado polo Concello.

Son causas de exclusión da bolsa de emprego as seguintes:

- a) Ter sido separado do servizo mediante expediente disciplinario sempre que exista unha resolución xudicial definitiva.
- b) A non superación do período de proba. No caberá esixir dito período de proba cando o traballador xa desempeñara as mesmas funcións con anterioridade.
- c) Ter sido despedido polo Concello de Betanzos.

Normas de aplicación.

Para o non previsto nestas bases, será de aplicación a Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; Real Decreto Legislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local; Lei 5/97, de Administración local de Galicia, a Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública nos artigos que non foron derogados polo Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, que aproba o Estatuto Básico do Empregado Público; Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, que aproba o Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia; Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, sobre regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios/as da Administración local; Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de

Galicia, aprobado polo Decreto do 20 de marzo de 1991; e Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal o servizo da Administración do Estado.

Todo iso sen prexuízo do carácter administrativo dos actos que integran o procedemento de selección e, polo tanto, fiscalización pola xurisdición contencioso-administrativa. O réxime xurídico dos contratos será o da lexislación laboral, correspondente ao Xulgado Social ou coñecemento das cuestións que se deriven do cumprimento dos mesmos, así como cantas normas de igual ou superior rango referidas á función pública se diten.

En Betanzos a 07 de novembro de 2019

A ALCALDESA - PRESIDENTA

María Barral Varela

ANEXO I
MODELO DE INSTANCIA

D/D^a., con D.N.I. núm.,
con domicilio en, rúa, n.º,
piso, C.P. Tlf.

Informado de á convocatoria que realiza o Concello de Betanzos, para unha praza de profesor, especialidade de percusión, grupo de cotización ..., grupo III nivel 11 do vixente convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Betanzos, polo tempo que medie ata a cobertura definitiva do posto, de acordo ás bases publicadas no BOP n.º de data:, que declara coñecer e aceptar.

Tendo en conta que cumpre todos os seguintes requisitos esixidos na base cuarta, comprométese a achegar os documentos acreditativos destes no suposto de ser seleccionado:

- a) Ter a nacionalidade española.
- b) Ser nacional doutros estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, que aproba o Estatuto Básico do Empregado Público
- c) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non ter alcanzado a idade máxima de xubilación forzosa para o acceso ao emprego público.
- d) Estar en posesión dalgún dos títulos oficiais da especialidade musical á que opto: título superior de música na especialidade de percusión establecido no artigo 54 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ou título superior de música na especialidade de interpretación; título de profesor superior, ou título de profesor, do plan de estudos que regula o Decreto 2618/1966, do 10 de setembro, polo que se aproba o regulamento dos conservatorios de música; ou título de profesor ou título profesional, do plan de estudos que regula o Decreto do 15 de Xuño de 1942. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro estar en posesión (na mesma data do remate do prazo para presentar instancias) da Credencial que acredite a súa homologación, expedida polo Organismo competente.
- e) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- f) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se atopar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

SOLICITA ser admitido ao proceso de selección convocado, para o que achega:

- Fotocopia do D.N.I.
- Documentos acreditativos ou fotocopias cotexadas, dos méritos que se aleguen ao obxecto da súa valoración no concurso.

Así mesmo autoriza a que lle sexan comunicadas as actuacións do expediente a través de SMS, ao numero de Telefono arriba indicado.

En, a, de de 2019.

Asdo.

SRA. ALCALDESA - PRESIDENTA DO CONCELLO DE BETANZOS

2019/9034